

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA A ELABORACIÓN DUNHAS LISTAS TEMPORIAS DE BOMBEIRO FORESTAL XEFE DE BRIGADA E BOMBEIRO FORESTAL CONDUTOR DE MOTOBOMBA VINCULADOS AO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, SE FAI PÚBLICO O BAREMO PROVISIONAL E SE CONVOCA Á PROBA FÍSICA

O Tribunal designado por Resolución do 25 de xuño de 2024 do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Medio Rural, para a elaboración dunhas listas temporais de Bombeiro Forestal Xefe de Brigada, ante a imposibilidade de cobertura, por falta de persoal dispoñible na listas elaboradas polo Decreto 37/2006, na súa reunión do 16 de xullo de 2024 adoptou os seguintes acordos:

1. Facer pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao ditos procesos, xunto coas causas de exclusión. (anexo I B.F Xefe de Brigada, anexo II B.F Conductor de Motobomba).
2. Facer público o baremo provisional dos méritos das persoas admitidas e excluídas nos ditos procesos.
3. Establecer un prazo para alegacións de 3 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Medio Rural e nos taboleiros de anuncios dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Rural Xunta de Galicia. O dito prazo de presentación de alegacións comezará o mesmo día da exposición destas bases e rematará o día 22 de xullo de 2024.

As alegacións que se formulen, deben dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e presentaranse electronicamente podendo empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), a través da solicitude xenérica (código de procedemento PR004A).

4. Convocar á totalidade das persoas relacionadas no anexo III desta resolución á realización da proba física establecida na base VIII da orde de convocatoria que terá lugar na data e hora seguintes:
 - a. Data: 22 de xullo de 2024
 - b. Lugar: Estado Municipal Veronica Boquete – Avenida de Fernando Casas Novoa, 20 - 15.703 Santiago de Compostela – A Coruña.
 - c. Hora: Comezo ás 8:30 (ver listados anexos).

A validez da proba realizada polas persoas excluídas provisionalmente quedara condicionada a posterior emenda da causa de exclusión, no seu caso.

As persoas que figuran excluídas provisionalmente pola causa 16 (non presentar o certificado médico ou o certificado presentado non se axusta ao establecido nas bases da convocatoria), para poder realizar a proba física deberán traer un certificado médico vixente que faga constar o seguinte:

“ non presentar enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico”.





Non poderán realizar a proba física as persoas que non acheguen o certificado médico nos termos expostos anteriormente.

5. Declarar exentas de realizar a proba física as persoas que figuran no anexo IV porque superaron unha proba física convocada pola Consellería do Medio Rural no ano 2024.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A Presidenta do Tribunal

Ascensión Labella Lozano

